

Acento diacrítico

Utilízase o acento diacrítico para distinguir parellas de palabras con significados distintos mais que se escriben igual.

Cando unha palabra leva acento diacrítico para diferenciala doutra, mantén este acento na flexión de número, aínda que en plural xa non coincida con outra palabra:

só («único») / so (baixo) → sós («únicos»).

A continuación tedes a listaxe de palabras con acento diacrítico en galego:

á (prep. <i>a</i> + <i>a</i> artigo; extremidade das aves)	<i>a</i> (artigo; pron. átono; prep.)
ás (<i>a</i> + <i>as</i> artigo; extremidades das aves; carta co número 1)	<i>as</i> (artigo; pron. átono)
bésta (arma; resorte en vehículos)	besta (animal)
bóla (esfera)	bola (peza de pan)
cá (<i>ca</i> + <i>a</i>)	<i>ca</i> (conx. comparativa)
cás (<i>ca</i> + <i>as</i>)	<i>cas</i> (preposición: na casa de, á casa de)
chá (plana)	cha (<i>che</i> + <i>a</i>)
chás (planas)	chas (<i>che</i> + <i>as</i>)
có (<i>ca</i> + <i>o</i>)	<i>co</i> (<i>con</i> + <i>o</i>)
cós (<i>ca</i> + <i>os</i>)	<i>cos</i> (<i>con</i> + <i>os</i>)
cómpre (é mester)	compre (merque)
cómpren (son mester)	compren (merquen)
dá (pres. e imp. de <i>dar</i>)	da (<i>de</i> + <i>a</i>)
dás (pres. de <i>dar</i>)	das (<i>de</i> + <i>as</i>)
dó (compaixón; aflicción; nota musical)	do (<i>de</i> + <i>o</i>)

é (pres. de <i>ser</i>)	e (conx.)
fóra (adv.)	fora (antepretérito dos verbos <i>ser</i> e <i>ir</i>)
má (ruín)	ma (<i>me</i> + <i>a</i>)
más (ruíns)	mas (<i>me</i> + <i>as</i>)
máis (adv. e pron.)	mais (conx.) ^[4]
nó (lazo)	no (<i>en</i> + <i>o</i>)
nós (pron. tónico; pl. de <i>nó</i>)	nos (pron. átono; <i>en</i> + <i>os</i>)
ó (<i>a</i> + <i>o</i>)	o (artigo; pron. átono)
ós (<i>a</i> + <i>os</i>)	os (artigo; pron. átono)
óso (parte do esqueleto)	oso (animal)
pé (parte do corpo)	pe (letra)
póla (rama)	pola (galiña; <i>por</i> + <i>a</i>)
pór (poñer)	por (prep.)
présa (apuro)	presa (prendida; presada; encoro)
sé (sede eclesiástica; imp. de <i>ser</i>)	se (conx.; pron.)
só (adv. e adx.)	so (prep.)
té (infusión)	te (pron. átono; letra)
vén (pres. de <i>vir</i>)	ven (pres. de <i>ver</i> ; imperativo de <i>vir</i>)
vés (pres. de <i>vir</i>)	ves (pres. de <i>ver</i>)
vós (pron. tónico)	vos (pron. átono)